

IGADIPaper é un medio de análise e información do IGADI que aspira a afondar de forma equilibrada e sintética nalgún conflito, acontecemento ou tendencia internacional de relevancia e actualidade".

## SIRIA E O FUTURO DO RÉXIME DE BASHAR AL ASAD

- a) **Introdución**
- b) **A “libanización” de Siria**
- c) **Os intereses exteriores**

## a) *Introdución*

A prolongación da violencia e a crise política que vive Siria desde comezos de 2011 abre portas a un escenario de guerra civil con características sectarias, á vista da preeminencia de factores de índole étnica e relixiosa, similares ao conflito acontecido no veciño Líbano entre 1975 e 1990. Este clima de pre-guerra civil se traduce nos actuais choques entre as Forzas Armadas Sirias e de seguridade fieis á autoridade do presidente **Bashar al Asad**, e os grupos rebeldes e desertores agrupados en torno ao recién formado Exército Libre de Siria (ELS), nos suburbios da capital Damasco, nas cidades do interior Hama e Homs (reduto orixinal dos rebeldes e opositores ao réxime de Bashar), así como nas provincias de Deraa e Idlib, fronteirizas con Turquía.

Segundo fontes occidentais, de ONGs e de grupos afectos aos opositores sirios, aproximadamente 6.000 persoas morreron e unhas 15.000 persoas están detidas por razóns políticas a raíz da represión activada polo réxime de Bashar desde que comezaron as protestas en febreiro de 2011. Ademais da rebelión política derivada da denominada Primavera árabe, os factores que explican o conflito sirio se traducen en pulsos de poder sectarios derivados do mosaico de comunidades relixiosas e confesionais, especialmente a política e militarmente dominante comunidade alauíta á que pertence o clan presidencial Al Asad (10% da poboación); a maioritaria comunidade sunnita (80% da poboación); e as

## b) *A “libanización” de Siria*

Existe un notable nivel de confusión e incerteza á hora de observar o que realmente sucede en Siria. Tras un ano de protestas e cruenta represión oficial, con milleiros de civís mortos e decenas de miles de detidos segundo diversas fontes, o réxime de Bashar al Asad segue no poder, incluso tentando manterse a través da aprobación de cosméticas reformas constitucionais e dunha pouco crible apertura política e electoral.

Non obstante, a súa lexitimidade vese seriamente afectada e contrarrestada ante a configuración de milicias armadas opositoras cada vez máis activas, agrupadas en torno ao Exército Libre de Siria (ELS); da certificación de perda de poder político e militar en

comunidades xiíta, cristiáns, drusos, maronitas, etc, sen esquecer a presenza de kurdos e asirios.

A diferenza do caso libio, a comunidade internacional, especialmente liderada por EUA e a Unión Europea, descarta unha intervención militar exterior en Siria a través da OTAN ou da ONU, tendo en conta que Rusia e China vetarían calquera iniciativa en contra de Damasco no Consello de Seguridade da ONU. Paralelamente, o fracaso diplomático da Liga Árabe traduce unha situación de extrema complexidade que impulsa os factores de conflito dentro de Siria. Neste sentido, a xeopolítica rexional da conta da implicación dunha diversidade de actores e intereses externos enclavados no conflito sirio, sendo estes principalmente Turquía, Irán, Israel, EUA, Francia, Gran Bretaña, Arabia Saudita e Qatar. Un eventual espallamento rexional da crise siria implicaría igualmente focos de inestabilidade en Líbano, Iraq e Palestina.

Neste contexto, dende o exterior téntase dirimir o futuro sirio e do “clan Asad”. Estas presións se centran en impulsar un posible levantamento militar contra o réxime de Bashar; negociar unha incerta “solución á iemenita” a través dun asilo exterior, tal e como sucedeu co ex presidente **Abdullah Saleh**; ou ben unha “solución exipcia” na que Bashar e a súa familia comparezan ante a xustiza do seu país, como acontece actualmente no caso do ex presidente exipcio **Hosni Mubarak**.

diversas localidades do país, como Homs e Hama; e da forte condena e presión da comunidade internacional, liderada por EUA, Europa e os seus aliados árabes, coa notable excepción de países aliados ao réxime de Bashar como Rusia, China, Irán e Venezuela.

Á vista do complexo mosaico de confesionalidades relixiosas existente en Siria, a eventual certificación dunha guerra civil neste país ofrecería certas similitudes coa prolongada guerra civil libanesa (1975-1990). Ironicamente, foi precisamente a presenza militar siria nese país (con 35.000 efectivos militares apostados desde 1990 ata a súa retirada en 2005), o factor que contribuíu ao mantemento dun notable nivel de estabilidade e

pacificación no Líbano, a pesar da impopularidade que esta presenza militar siria tiña en diversos sectores da sociedade libanesa.

Por tanto, a reprodución dunha “libanización” en Siria implicaría importantes riscos para a seguridade e a xeopolítica en Oriente Próximo. Existe a presunción, principalmente en Occidente, de que a represión oficializada por Bashar finalmente acabará coa súa lexitimidade presidencial. Pero resulta igualmente unha incógnita a potencialidade do ELS e dos grupos opositores para cumprir cun acordo de unidade nacional que dea paso á estabilización do país nun hipotético escenario post-Bashar. Así, a crise siria pode diluírse nunha situación similar á actualmente acontecida na Libia post-Gadafi, aínda que sen intervención militar exterior.

Diversas informacións aseguran que diariamente se observa unha riada de desercións nas Forzas Armadas sirias, nos organismos de seguridade e no corpo administrativo ata agora fiel ao clan Asad. Non obstante, Bashar aínda posúe importantes bazas ao seu favor, basicamente concentradas na comunidade alauíta inserida nas Forzas Armadas, no gobernante Partido Ba'ath (de orientación socialista e panarabista) e na burguesía comercial e burocrática, principalmente asentada en Damasco, amplamente beneficiada do proceso de liberalización económica instaurado polo actual presidente sirio desde 2001. Incluso, Bashar semella ter o tácito apoio do Gran Muftí de Siria, **Sheij Ahmad Badr al-Din Hassun**, líder da comunidade musulmá sunnita, temeroso de que unha Siria post-Bashar derive nun desequilibrio confesional co predominio de sectores radicais relixiosos, principalmente xiítas.

### *c) Os intereses exteriores*

A realización en Turquía desta reunión dos grupos opositores sirios confirma a implicación de Ankara na crise siria e o seu cambio de actitude, tomando agora posición a favor dos rebeldes. Desde 2004, o goberno turco do primeiro ministro **Recep Tayyip Erdogan** ampliou contactos co réxime de Bashar (principalmente económicos), na súa pretensión de liderar un proceso de paz en Oriente Próximo entre Damasco e Tel Aviv. Pero a actual represión en Siria, que levou a que miles

A isto se suma o tácito apoio exterior a Bashar de aliados militares e económicos como Rusia (Siria é o destino do 10% das vendas globais de armamento ruso, con contratos militares valorados en US\$ 15.000 millóns), China, Irán (o aliado xeopolítico rexional de Bashar, con importante influencia dentro da comunidade xiíta siria) e Venezuela. En termos xeopolíticos, Bashar está convencido da súa dependencia do apoio ruso e chinés.

Pola súa banda, a confusión informativa, que leva a sospeitar da relativa certeza respecto ao que realmente sucede, da conta dun ELS que posúe aproximadamente 20.000 efectivos, moitos deles incluso desertores da comunidade alauíta. Pero os grupos opositores, agrupados no denominado Consello da Revolución, inclúen a diversos colectivos sunnitas, xiítas, laicos e membros de importantes grupos políticos contrarios ao dominio do clan Asad, tales como o panislamista Movemento da Irmandade Musulmá (IM), e a Xunta Nacional Democrática (XND), de adscrición laica e esquerdista. Tanto a IM como a XND son históricos inimigos políticos dos Asad, desde que este clan achegárase ao poder en 1971 baixo a presidencia de **Hafez el Asad**, pai de Bashar.

Estes grupos aprobaron en xuño de 2011 en Antalya (Turquía) un programa político que culminaría nun Goberno Provisional baseado en tres principios: unidade nacional; democracia e parlamentarismo; e republicanismo laico, co obxectivo de convocar eleccións libres inmediatas trala eventual caída do réxime de Bashar. A pesar dos avances das milicias do ELS, a súa consistencia política e o cumprimento deste programa resultan unha total incógnita.

de sirios se refuxiaron na fronteira turca, amosaron o distanciamento de relacións de Ankara e Damasco, moi probablemente por instigación de Washington.

Pola súa banda, Occidente e os seus aliados árabes abren o compás de plans orientados a propiciar a caída do réxime sirio. O pasado 30 de xaneiro, diversas informacións advertiron dun posible levantamento militar contra Bashar, cun Golpe de Estado aparentemente instigado dende EUA, Gran

Bretaña, Francia, Turquía, Arabia Saudita, Xordania e Qatar. Incluso, especúlase con que estes actores están negociando unha posible “solución iemenita” no caso de desaloxo do poder do clan Asad, buscando asilo exterior para o actual presidente sirio e a súa familia como aconteceu en novembro pasado co ex presidente iemenita Abdullah Saleh.

Ante esta profusión de rumores e con combates nos suburbios de Damasco que dan a entender a ampliación das actividades do ELS, o presidente Bashar ordenou o pasado 31 de xaneiro unha inmediata purga na Garda Revolucionaria Siria, nomeando ao seu irmán **Maher Asad** ao fronte das mesmas, a fin de garantir a lealdade castrense.

Paralelamente, é apreciable o fracaso da Liga Árabe por atopar unha solución diplomática e política á crise siria, incluso recibindo unha dura crítica dende Rusia por aparentemente instigar un cambio de goberno de Damasco. Ao mesmo tempo, e a pesar de impulsar resolucións na ONU de condena contra a represión en Siria, EUA e a Unión Europea aparentemente desestiman unha intervención militar, coñecendo de antemán o veto que impulsarían Rusia e China no Consello de Seguridade da ONU en contra dunha intervención en Siria que, obviamente, alteraría o mapa xeopolítico rexional a favor dos intereses occidentais.

Trala intervención militar da OTAN e da ONU en Libia, que contou co aval ruso e chinés única e exclusivamente para a aplicación dunha zona aérea exclusiva e non dunha intervención militar, Moscova e Pequín semellan agora convencidos de non reproducir en Siria o mesmo exemplo.

Finalmente, países árabes aliados de Occidente como Arabia Saudita e Qatar, observan no escenario sirio un

importante espazo de intereses económicos (igualmente reproducidos na veciña Líbano), así como a velada intención de abortar ou moderar ao seu favor calquera posibilidade de reprodución da Primavera árabe nos autocráticos réximes do Golfo Pérsico. Pola súa banda, e a pesar de manter publicamente o seu apoio ao réxime de Bashar, Irán, tradicional aliado xeopolítico sirio en Oriente Próximo, observa con certo distanciamento a actual conxuntura, tendo en conta as súas tensións militares propias con EUA e Israel, especificamente no Estreito de Ormuz, e do pulso nuclear que Teherán mantén coa Axencia Internacional de Enerxía Atómica (AIEA).

A práctica certificación dunha guerra civil en Siria e a incerta caída do réxime de Bashar al Asad, abriría o curso dunha inestabilidade rexional, con especial atención cara os escenarios libanés, iraquí e palestino. Aquí entraría en xogo Israel, cuns intereses que vense contraditoriamente afectados coa actual crise siria. Se ben o réxime dos Asad é un tradicional inimigo político e militar israelí, Tel Aviv amosa unha posición de distanciamento (ironicamente similar á do seu tamén rival Teherán), ante o temor a que unha eventual caída de Bashar dea paso a un réxime nacionalista, progresista e democrático, ou hipoteticamente do fortalecemento dun movemento islamita en Damasco.

Co distanciamento de antigos aliados israelís como Turquía e Exipto, Israel vería igualmente alterados os seus intereses no caso dunha eventual caída do réxime de Bashar, confirmando así a escasa capacidade de reacción e a atomización de intereses de Tel Aviv ante os cambios políticos que están ocorrendo na rexión.

IGADI, 3 de febreiro de 2012.